

# XX ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Paso a paso, man con man. Deporte e lingua

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
12 e 13 de abril de 2018



# vinte.

Encontros para  
a Normalización  
Lingüística

1993  
2018

Esta non é unha cita máis para nos encontrarmos arredor da normalización lingüística, pois a edición de 2018 fai o número 20. É, por tanto, unha ocasión para o reencontro, para a memoria, para o balance, para os recoñecementos, para a celebración, para a nostalxia..., tamén para abrir a porta a outras dúas novas décadas de reflexión, intercambio de experiencias, presentación de proxectos e propostas de futuro. Convocámosvos para o mes de abril, xa puxante a primavera, para que vos unades connosco á festa. Unha parte dos XX Encontros está dedicada á efeméride: por iso esta non é unha cita máis.

Non nos imos reunir só para festexar. Seguimos sen desmaiar, tamén neste 20º aniversario (25º se miramos para o almanaque: un cuarto de século!), soprando ao unísono, axudando ao vento, por veces fraco, a levar adiante a dorna da normalización. Nese sentido, este tampouco é un encontro calquera: por primeira vez estará dedicado ao deporte.

Poucas actividades crean vínculos e símbolos con tanta rapidez coma o deporte, tanto entre os participantes coma entre o público; poucas son capaces de xerar ou reforzar as identidades colectivas do xeito en que o fai un éxito deportivo, propio ou do noso equipo, por pór só un caso. Mais, fala galego o deporte galego? Sexa cal sexa a resposta, como e por que?

A vitalidade das linguas ten moito que ver coa identidade, para ben ou para mal. Que o deporte galego fale galego é unha fortaleza. Por iso recorreremos a protagonistas para que compartan connosco a súa experiencia lingüística en relación co uso/non uso da lingua galega: tanto deportistas de varia tipoloxía (profesional e de afección, de elite e de base, de deportes de masas e tradicionais...) como persoas do ámbito do adestramento, representación federativa e de clubs, responsabilidade institucional, ensino, formación, comunicación, administración, xestión... En definitiva, un rico plantel de persoas escolleitas, todas con experiencia directa e opinión autorizada. Voces plurais, visións complementarias, que nos axudarán sen dúbida a coñecer desde dentro a realidade da práctica lingüística en galego no mundo do deporte, as luces e as sombras, as ocasións e as dificultades...; e, sobre todo, a deseñar actividades e proxectos para lograr un uso normal da lingua de Galicia no deporte galego.

A nosa *Artesa* está a rebordar de boas experiencias normalizadoras que compartir convosco. No espazo *Crear contextos* presentamos dous obradoiros que esperamos sexan do voso interese xa agora, no intre, mais con aplicación práctica no futuro.

## PROGRAMA

### XOVES, 12 DE ABRIL

16:00 horas  
*Inauguración*

16:30 horas  
*A memoria como fermento ou o libro-álbum como acta dun quefacer deportivo: tres exemplos*

Presenta: Gregorio Ferreiro  
**Héctor Pose.** Profesor da Universidade da Coruña

17:30 horas

#### DEPORTE PROFESIONAL

Presenta: Sergio Delpont. Xornalista da TVG

**Sergio Álvarez.** Porteiro do Celta de Vigo

**Mercé Barrientos.** Ex-presidenta da Federación Galega de Taekwondo, presidenta de MUDEGA

**Ezequiel Mosquera.** Ex-ciclista e organizador de eventos deportivos

**Borja Golán.** Xogador profesional internacional de squash

Coloquio

19:00 horas

Pausa - Visita á Artesa

19:30 horas

#### DEPORTE DE BASE TRADICIONAL

Presenta: Xusto Rodríguez

**Manuela Places.** Delegada do Club de Remo Cabo da Cruz

**Moisés Iglesias.** Presidente do Club A Cambadela de loita tradicional galega

**Mario Rodríguez.** Presidente da Asociación "Xogos Tradicionais de Compostela"

Coloquio

20:30 horas

*Peche da sesión*

### VENRES, 13 DE ABRIL

09:30 horas

#### DEPORTE E ADMINISTRACIÓN

Presenta: Anxos Sobriño

**Miguel Ángel López Sieiro.** Subdirector xeral de Plans e Programas, Secretaría Xeral para o Deporte

**Anxos Riveiro.** Concelleira de Deportes do Concello de Pontevedra

**Roberto Rey Martínez.** Alcalde do Concello de Frades

Coloquio

10:30 horas

PROXECCIÓN DE "O DEPORTE GALEGO FALA GALEGO"

10:45 horas

#### A COMUNICACIÓN DO DEPORTE

Presenta: Marta Souto

**Mila Alonso.** Responsable de comunicación das federacións galegas de balonmán, triatlón e taekwondo

**José Carlos Bastos.** Xefe de prensa da Fundación Celta de Vigo

**Óscar Losada.** Editor de *O Dez e Zona Press*

Coloquio

11:45 horas

Pausa - Visita á Artesa

12:15 horas

## DEPORTE E ENSINO

**Diego Rojo.** IES de Ames,  
Bertamiráns

**Anxo Gómez García.** IES Sánchez  
Cantón, Pontevedra

**Antonio Ferrer Moreira.** CEP  
Campolongo, Pontevedra

**Ana Rey Cao.** Profesora titular do  
Departamento de Didácticas  
Especiais da Universidade de Vigo

Coloquio

16:00 horas

**CREAR CONTEXTOS.** Obradoiros  
simultáneos

Presenta: María Justo

*Adestramos a nosa lingua* (ed. infantil e  
ed. primaria)

*Biblioteca Vivente: a lingua dá xogo* (ed.  
secundaria)

**Xandobela**

17:20 horas

## CONMEMORACIÓN XX ANIVERSARIO DOS ENCONTROS

*Unha ocasión para a memoria e a  
celebración*

**Rosario Álvarez.** Directora do CDSG  
e vicepresidenta do CCG

*Navegar a travesía. Notas do caderno  
de bitácora (1993-2018)*

**Henrique Monteagudo.** Promotor  
dos Encontros e director do CDSG  
(1996-2014)

*Vinte anos non son nada?*

Encontro con: **Mercedes Penoucos,**  
**Olga Iglesias, Manuel Bermúdez,**  
**Nel Vidal, Tina Formoso**

19:20 horas

*Fóra de xogo*

**Federico Pérez.** Actor

20:00 horas

*Conclusións e clausura*

## **ORGANIZA**

Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CCG)

## **COLABORA**

Secretaría Xeral de Política Lingüística

## **COORDINA**

Rosario Álvarez Blanco

Xosé Gregorio Ferreiro Fente

Valentina Formoso Gosende

María Justo González

Susana Mayo Redondo

Xusto A. Rodríguez Río

Bieito Silva Valdivia

Anxos Sobriño Pérez

Marta Souto González

## **LUGAR**

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **INSCRIPCIÓN**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia aos Encontros.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

